



# FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>	
<b>Data:</b>	<b>Nivel: CELGA 3 LECTURA FÁCIL</b>

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>
<b>Nacionalidade:</b>
<b>Data de nacemento:</b> ___ / ___ / _____
<b>Sexo:</b> <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
<b>Lugar de nacemento:</b> <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
<b>Lugar de residencia:</b> <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
<b>Tipo de estudos cursados:</b> <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos son totalmente confidenciais. Empregaranse só para usos estatísticos.

## INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións do exame antes de responder.
- Usa un bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che pregunten.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega este caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2021310351

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 3



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-21-LF



## Proba A1

---

Recibes unha mensaxe dunha amiga túa que escribe nunha revista. Esta amiga pídeche información para escribir un artigo sobre o Camiño de Santiago.

Despois de ver esta reportaxe sobre o Camiño de Santiago e o Xacobeo decides contestarlle.

Escribe unha **mensaxe electrónica, de 260 a 300 palabras**, na que debes:

- Explicarlle cal é a historia da peregrinación a Santiago dende as orixes ata finais do século XX.
- Contarlle como se creou a marca Xacobeo e como foi a presentación nos distintos actos.
- Opinar sobre o importante que é para Galicia o Camiño de Santiago.
- Recomendarlle que visite Santiago de Compostela para facer xuntas o Camiño de Santiago.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

## Proba A2

---

Tes un compañeiro de traballo que sufriu o ataque dun virus informático e avarióuselle o ordenador.

O teu compañeiro está preocupado pola súa seguridade cando utiliza Internet.


Despois de ler este artigo, decides escribirlle unha **mensaxe electrónica**.

Na mensaxe, de **260 a 300 palabras**, tes que:

- Explicarlle cales son os perigos máis frecuentes cando utilizas Internet.
- Darlle os tres consellos que consideras máis importantes cando navegas por Internet. Xustifica a túa escolla.
- Contarlle o que che sucedeu a ti ou a un amigo teu cando vos enganaron por Internet.
- Convencer o teu compañeiro para ir a un curso de seguridade en Internet.

### 10 consellos para protexer a túa intimidade en Internet

*A maioría dos piratas de Internet buscan roubar diñeiro. Debes seguir certos consellos para manter os delincuentes lonxe do teu ordenador.*



Igual tes un espía metido no seu ordenador. A delincuencia por Internet non é tan estraña como parece.

Segundo o **Centro de Resposta a Incidentes de Seguridade e Industria (CERTSI)**, en España, investíganse cada día 400 incidentes relacionados coa seguridade en Internet.

Os delitos cometidos en Internet son cada vez máis complexos e os piratas informáticos acceden facilmente a calquera ordenador, tableta ou teléfono móbil. Moitos dos novos virus dixitais non pasan ningún tipo de control.

Un dos perigos máis habituais na Rede é o delito relacionado co diñeiro:



- 70 de cada 100 delincuentes queren entrar nas contas bancarias en liña doutras persoas.
- 30 de cada 100 fano só para provocar dano.
- Algúns delincuentes de Internet atacan a grandes empresas e isto chámase «espionaxe industrial».

Outro exemplo de ataque é o «caso Facebook», por razóns políticas. Os datos persoais de 50 millóns de persoas que teñen Facebook foron usados sen o seu permiso na campaña electoral de Trump.

Pero, como logran estes delincuentes entrar nos ordenadores?

Poden facelo aproveitando que os contrasinais non son seguros.

## Afasta os ladróns informáticos do teu ordenador



Entón, como podes protexer os teus datos e o dereito á túa intimidade en Internet?

**A Oficina de Seguridade do Internauta** avisa de que a mellor maneira de saber se unha conta foi pirateada é observar se hai comportamentos raros no teu ordenador e nos servizos dixitais



que utilizas: o correo electrónico, as redes sociais, as aplicacións e mesmo as plataformas como Netflix, HBO ou para facer compras por Internet.

Javier Rodríguez, técnico do Instituto Nacional de Ciberseguridade, di que a maioría dos sistemas e servizos están a ampliar os seus medios de notificación.

Así poden avisarnos de calquera comportamento diferente do noso uso habitual e que pode ser sinal de que os datos persoais están en perigo.

## Como podes protexer os teus datos en Internet?

Hai formas de evitar que os delincuentes informáticos entren no teu ordenador.

Sempre é máis aconsellable tomar precaucións.

Estes sinxelos consellos axudarache a protexer os teus datos en Internet.

A Oficina de Seguridade do Internauta recomenda seguir estes dez consellos para protexerte en Internet:

1. Emprega contrasinais fortes: longos e que combinen letras maiúsculas con minúsculas. Que teñan números, guións etc.
2. Non compartas os contrasinais con ninguén.



3. Non escribas os contrasinais en ningún caderno, xa que os pode atopar calquera e usalos sen o teu permiso.

4. Utiliza un contrasinal diferente para os correos electrónicos, para o móbil. Así, se che rouban algún contrasinal, os outros seguirán a salvo.

5. Cambia os contrasinais cada pouco tempo.

6. Usa as aplicacións informáticas que crean e gardan os contrasinais. Estas aplicacións axudaranche e son seguras.




7. Activa a opción de comprobar a túa identidade en dous pasos: ademais de introducir o contrasinal, poden enviarche un código ao teu teléfono ou facerche unha chamada de voz.

A chamada de seguridade fai máis difícil que alguén sen autorización poida roubar os teus datos.



8. Consulta as contas bancarias cada pouco tempo para observar se hai movementos sospeitosos. Así, poderás dar antes o aviso no banco se alguén che roubou diñeiro.



9. Debes ter coidado cos correos electrónicos de enderezos ou persoas descoñecidas, así evitarás o roubo de datos. Tamén impedirás que algún virus entre no teu ordenador.

10. Non podes dar información persoal por teléfono nin a través de Internet se non coñeces a persoa que cha pide.

Texto traducido e adaptado da revista *Consumer*

NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA  
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

